



CIRCULAR 103-2024.

XVII CAMPIONATOS XUNTA DE GALICIA SUB 10 E SUB 12

- A todas as delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 8 de xuño nas Pistas de Atletismo de Elviña (A Coruña), os Campionatos Xunta de Galicia Sub 10 e Sub 12.

Art.2).- Poderán participar atletas das categorías Sub 10 e Sub 12 con licenza na presente tempada pola FGA.

- Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas (a remuda non computa).
 - No caso de participar en 2 carreiras, só unha poderá superar os 250 metros.
- Número máximo de atletas por proba e sexo:

Proba	Sub 10	Sub 12
50/60	64	64
500	36	36
1000	32	32
2000	-	16
Altura	16	16
Concursos restantes	24	24
1000/2000 marcha	16	16

En caso de empate nas últimas prazas, terá preferencia a persoa que realizase a marca con máis anterioridade temporal.

Nas remudas poderán participar os 16 mellores clubs, a un equipo por entidade, permitíndose unha participación de clubs asociados, sempre que principal e asociado non participen na mesma proba.

- A súa composición e orde deberá confirmarse en secretaría de competición ata 30' antes da súa celebración.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do martes 28 de maio.

- Limitarase a inscrición a un máximo de 3 probas individuais.
 - A FGA eliminará, aleatoriamente, tantas inscricións como sexa preciso daqueles que se inscriban en máis probas das regulamentadas.
- Nas probas de remudas presentarase estadillo coas mellores marcas, sendo admitidos aqueles clubs que presenten un mellor sumatorio de tempos. Terán prioridade os clubs que presenten maior número de marcas (máximo 4).



- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2023 e 2024.
 - Para a proba de 500 teranse en conta, tamén, as marcas de 400.
 $Marca500=(Marca400/3,9)*5$
 - Para a proba de 2000 marcha teranse en conta, tamén, as marcas de 1000 marcha, así como das respectivas distancias en ruta.
 $Marca2000marcha=(Marca1000marcha*2,1)$
- Non se admitirán, pasado o prazo de inscrición, modificacións sobre a marca de inscrición.

Art.4).- Prazos de comunicación de baixas.

- Rematará ás 20:00 horas do venres 31 de maio e serán remitidas a competicion@atletismo.gal
- Pasado este prazo, as persoas que non cumpran co establecido no Art.2, serán axustadas á normativa pola Dirección Técnica, eliminando aleatoriamente tantas inscricións como sexa preciso.

Art.5).- Nos lanzamentos e saltos horizontais haberá 4 intentos

Art.6).- Distancias das táboas de batida:

- Lonxitude Sub 10 → 1 m.
- Lonxitude Sub 12 → 2 m.

Art.7).- Cadencias no salto de altura.

Sub 10	Homes	0,82 – 0,90 – 0,96 – 1,01 – 1,05 e de 3 en 3 cm.
	Mulleres	0,82 – 0,90 – 0,96 – 1,01 – 1,05 e de 3 en 3 cm.
Sub 12	Homes	1,06 – 1,14 – 1,20 – 1,25 – 1,30 – 1,34 e de 3 en 3 cm.
	Mulleres	1,01 – 1,09 – 1,15 – 1,20 – 1,25 e de 3 en 3 cm.

***Poderanse axustar unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos.**

Art.8).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.9).- Cámara de chamadas.

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras e marcha	5'
Remudas	8'
Altura	20'
Concursos restantes	15'

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.



Art.10).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, incluídas aquelas nas que estea participando nese intre, no seguinte caso:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos establecidos, non tome parte da mesma.

Art.11).- Horarios

CTO. XUNTA DE GALICIA SUB 12						
HORA	CARREIRAS		S. VERTICAIS	S. HORIZONTAIS	PESO	PELOTA
10:00	2000 marcha H-M	Final	Altura Mulleres	Lonxitude B Homes		
10:25	2000 Homes	Final				
10:35					Peso B Mulleres	Pelota B Homes
10:37	2000 Mulleres	Final				
10:49	1000 Homes	Final B				
10:55				Lonxitude A Homes		
10:57	1000 Homes	Final A				
11:05	1000 Mulleres	Final B				
11:13	1000 Mulleres	Final A				
11:21	60 Homes	Final H				
11:26	60 Homes	Final G				
11:30					Peso A Mulleres	Pelota A Homes
11:31	60 Homes	Final F				
11:36	60 Homes	Final E				
11:41	60 Homes	Final D				
11:45				Lonxitude B Mulleres		
11:46	60 Homes	Final C				
11:50			Altura Homes			
11:51	60 Homes	Final B				
11:56	60 Homes	Final A				
12:01	60 Mulleres	Final H				
12:06	60 Mulleres	Final G				
12:11	60 Mulleres	Final F				
12:16	60 Mulleres	Final E				
12:20					Peso B Homes	Pelota B Mulleres
12:21	60 Mulleres	Final D				
12:26	60 Mulleres	Final C				
12:31	60 Mulleres	Final B				
12:36	60 Mulleres	Final A				
12:40				Lonxitude A Mulleres		
12:44	500 Homes	Final C				
12:50	500 Homes	Final B				
12:56	500 Homes	Final A				
13:02	500 Mulleres	Final C				
13:08	500 Mulleres	Final B				
13:14	500 Mulleres	Final A				
13:15					Peso A Homes	Pelota A Mulleres
13:25	4x60 Homes	Final B				
13:35	4x60 Homes	Final A				
13:45	4x60 Mulleres	Final B				
13:55	4x60 Mulleres	Final A				



CTO. XUNTA DE GALICIA SUB 10

HORA	CARREIRAS		S. VERTICAIS	S. HORIZONTAIS	PESO	PELOTA
16:30	1000 marcha H	Final	Altura Mulleres	Lonxitude B Homes		
16:40	1000 marcha M	Final				
16:55	50 Homes	Final H				
17:00	50 Homes	Final G				
17:05	50 Homes	Final F			Peso B Mulleres	Pelota B Homes
17:10	50 Homes	Final E				
17:15	50 Homes	Final D				
17:20	50 Homes	Final C				
17:25	50 Homes	Final B		Lonxitude A Homes		
17:30	50 Homes	Final A				
17:40	50 Mulleres	Final H				
17:45	50 Mulleres	Final G				
17:50	50 Mulleres	Final F				
17:55	50 Mulleres	Final E				
18:00	50 Mulleres	Final D			Peso A Mulleres	Pelota A Homes
18:05	50 Mulleres	Final C				
18:10	50 Mulleres	Final B				
18:15	50 Mulleres	Final A		Lonxitude B Mulleres		
18:20			Altura Homes			
18:25	500 Homes	Final C				
18:35	500 Homes	Final B				
18:42	500 Homes	Final A				
18:49	500 Mulleres	Final C				
18:50					Peso B Homes	Pelota B Mulleres
18:56	500 Mulleres	Final B				
19:03	500 Mulleres	Final A				
19:10				Lonxitude A Mulleres		
19:13	1000 Homes	Final B				
19:22	1000 Homes	Final A				
19:31	1000 Mulleres	Final B				
19:40	1000 Mulleres	Final A				
19:45					Peso A Homes	Pelota A Mulleres
19:55	4x50 Homes	Final B				
20:05	4x50 Homes	Final A				
20:15	4x50 Mulleres	Final B				
20:25	4x50 Mulleres	Final A				



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.12).- Habará medalla para os tres primeiros clasificados por categoría e sexo, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega das mesmas.

Art.13).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta ou equipo de remudas.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.14).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 20 de maio de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo